

A CIAMBRA

[Jonas Carpignano, 2017]

438

PASE ÚNICO EN NUMAX: 17.09.2018 | V.O.S.E.

A Ciambra (2017, 113')

Dirección: Jonas Carpignano

Guión: Jonas Carpignano

Elenco: Pio Amato, Koudous Seihon, Damiano Amato, Iolanda Amato, Patrizia Amato, Susanna Amato, Francesco Pio Amato, Rocco Amato

Son: Julien Perez

Montaxe: Affonso Gonçalves

Vestuario: Isabella Torre

Fotografía: Tim Curtin

Produtoras: DCM Productions, Martin Scorsese, Film I Väst (Italia)

Distribuidora: Noucinemart

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Italiano

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2017 (Premio Europa Cinemas), Sevilla 2017 (Mellor actor), David di Donatello 2017 (Mellor dirección e montaxe e sete nominacións)

FILMOGRAFÍA

Mediterranea, 2015

A Ciambra (Young Lions of Gypsy), 2014 [curtametraxe]

The Plain, 2011 [curtametraxe]

SINOPSE

Na pequena comunidade xitana de A Ciambra, en Calabria, Pío Amato está desesperado por medrar axiña. Con 14 anos, fuma, bebe e é dos poucos membros do pobo romaní que se relaciona cos italianos locais e os refuxiados africanos. Pío, que segue a todas partes ao seu irmán maior Cosimo para aprender todas as habilidades necesarias para vivir nas rúas da súa cidade, ve como o seu mundo empeza a derrubarse cando Cosimo desaparece.

«Jonas Carpignano constrúe con elementos mínimos un relato contundente e extrae unha abraiante verdade dos actores, que non en van interpretan unha versión ficcionalizada de si propios»

Juanma Ruiz,
CAIMÁN CUADERNOS DE CINE

OS OLLOS VERDES 18/19

OCINEMA INÉDITO
DE NUMAX



“Cando os xitanos chegaron á Ciambra vivían como agora os africanos”

Entrevista con Jonas Carpignano
Por Paulo Portugal

Como foi parar a A Ciambra, a rexión que dá nome ao filme? Eu vivo nesa cidade. Mudeime para alí en 2011 para facer unha curta chamada *A Chjàna*, a versión curta do que ía ser *Mediterranea* (2015). Durante a rodaxe o noso carro foi roubado. Eu coñezo un pouco o ambiente dos xitanos, e cando un amigo meu me dixo que tería falar con eles achegueime ao barrio. Esa foi a miña primeira interacción co lugar. Encontrei un grupo de persoas que vivían nas marxes da cidade e eu comecei a sentirme fascinando polo que ocorría alí.

Foi entón cando coñeceu a Pío? El dixo que foi alí onde o coñecín. Segundo a súa versión coñecino cando quixen recuperar o meu carro.

E cal é a súa versión? Eu non me lembro del porque basicamente estabamos a facer unha curta e todo o noso equipamento estaba nese carro. Leváronnolo todo, por iso non puideren rematar o filme. Estaba máis preocupado

por recuperar o material para poder filmar que outra cousa. Lémbrome de coñecelo despois.

Que idade ten Pío agora? Agora [2017] ten 15, por tanto daquela tiña 10 anos.

Pódese dicir que tanto para vostede como para el foi unha caste de viaxe, xa que participou nos seus últimos tres filmes? En certo xeito si. Coñezoo desde os 10 aos 15 anos, unha idade crucial para un rapaz. Nese período estivemos moito tempo xuntos. El está sempre na miña casa e eu vou cear acotío á súa. Temos unha relación moi familiar.

Como foi o traballo coa familia Amato para conseguir ese ambiente fluído, que case parece documental? Basicamente cando escribo un filme constrúo o esqueleto. Sei cal vai ser a estrutura. Paso moito tempo con eles e nese momento escribo as escenas que remato incluíndo no filme. Por exemplo, a escena da cea. Eu sabía que tería que existir esa escena na que expresaría a súa opinión sobre a comunidade africana.

Falando da comunidade africana, vostede tamén ten sangue dese continente. Como ve esa relación, esa dinámica entre comunidades que non se mesturan moito? Iso é o que máis me interesa. Está claro que pretendo que este filme sexa moi fiel ao que pasa na familia de Pío, pero como cineasta hai algo que me interesa moito explorar e é a relación entre Pío e Ayva. Cando os xitanos chegaron vivían exactamente nas mesmas condicións en que viven os africanos.

Ese é o seu cinema. Si, adoro vivir alí, gústame ese universo, as persoas coas que fago os meus filmes. Cando vou ver un filme observo moitas cousas. Pero unha das que máis me motiva é ver feito algo que nunca antes se levara á pantalla. Eis o potencial de explorar o cinema nesa rexión. É unha cidade pequena e xa fixen alí dous filmes, por iso confían en min e están dispoñíbeis para explorar as súas vidas e universos coa debida honestidade.

Por agora non fixeche nada nos Estados Unidos... Por agora non. Non me interesa nada ir aos Estados Unidos facer un filme sobre un cómic [risas], pero nunca se sabe. Hai moitas cousas interesantes no cinema americano mais agora non estou alí.

Outro elemento fundamental do filme é a música. Até que punto é tamén unha influencia desa comunidade? Esa é a música que oíu alí. Para min, a música é un xeito de coñecer as persoas. Se gostamos da mesma música xa temos bastante en común. É unha linguaxe universal. Toda a música que se escoita n' *A Ciambra* é a música que están a ouvir todo o tempo.

Publicado en www.insider.pt
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Mediterranea, Jonas Carpignano
Blaq Out [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
agora e ven
sempre por

4€

Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo

Faite
NUMAX!